Nº DE ENTRADA	DATA ENTRADA	NIF/CIF	NOME/DENOMINACIÓN SOCIAL	IMPORTE
F/2018/4323	25/09/2018	B15359383	AUGASERVI, S.L.	60,50
F/2019/5	02/01/2019	A28517308	EULEN, S.A.	54,45
F/2019/313	09/01/2019	B15732753	PANADERIA MARTIPAN DE CECEBRE, S.L.	239,80
F/2019/414	16/01/2019	32797478F	GESTAL FRAGA MARIA DE LOS ANGELES	61,05
F/2019/417	16/01/2019	32797478F	GESTAL FRAGA MARIA DE LOS ANGELES	150,00
F/2019/493	29/01/2019	76405097V	AMO DOBARRO MARIA PILAR	17,90
F/2019/495	29/01/2019	76405097V	AMO DOBARRO MARIA PILAR	40,32
F/2019/496	29/01/2019	76405097V	AMO DOBARRO MARIA PILAR	62,77
F/2019/751	11/02/2019	76367470H	CERNADAS LOPEZ MONTSERRAT (FLORISTERIA SIEMPREVERDE)	30,00
F/2019/808	19/02/2019	76347260W	MARTINEZ SANTAMARTA ANTONIO	100,59
F/2019/810	19/02/2019	76347260W	MARTINEZ SANTAMARTA ANTONIO	340,96

F/2019/1127	08/03/2019	B15359383	AUGASERVI, S.L.	60,50
F/2019/1180	11/03/2019	B15162068	EDITORIAL LA CAPITAL, S.L.	83,00
F/2019/1181	11/03/2019	B15162068	EDITORIAL LA CAPITAL, S.L.	29,00
F/2019/1330	15/03/2019	76347260W	MARTINEZ SANTAMARTA ANTONIO	22,54
F/2019/1655	05/04/2019	J15210990	CARLOS PAN SEIJO Y OTRO, S.C. (JUNCAR)	193,60
TOTAL				1.546,98 euros

Cuarto.- Autorizar, dispoñer e recoñecer e liquidar as obrigas correspondentes ás seguintes facturas emitidas por AUGASERVI S.L., con CIF B15359383, unha vez efectuado o desconto correspondente á penalización regularizada segundo as condicións da oferta realizada polo adxudicatario do servizo, resultante de aplicar o coste do metro cúbico de auga á diferenza de metros cúbicos que supoñen o 70 % realizado e o 75 % que debeu terse considerado de acordo coa oferta do contratista, en aplicación da resolución de alcaldía núm. 800/2019 de data 23 de abril de 2019, por un importe total de 198.981,80 euros, así como aprobar a ordenación e realización do seu pagamento

Nº DE ENTRADA	DATA ENTRADA	CONCEPTO	IMPORTE	DESCONTO	IMPORTE LÍQUIDO
F/2018/4318	24/09/2018	PRESTACIÓN SERVICIO DE GESTIÓN MUNICIPAL DE AGUA Y ALCANTARILLADO SEGUNDO TRIMESTRE 2018	86.930,99	24.926,95	62.004,04
F/2019/8	02/01/2019	SERVICIO DE GESTIÓN MUNICIPAL DE AGUA Y ALCANTARILLADO TERCER TRIMESTRE 2018	101.342,06	28.266,93	73.075,13
F/2019/1274	27/03/2019	GESTIÓN SERVICIO MUNICIPAL DE AGUA Y ALCANTARILLADO PRIMER TRIMESTRE 2018	82.366,27	18.463,64	63.902,63
TOTAL			270.639,32	71.657,52	198.981,80

Quinto.- Déase traslado aos departamentos afectados para que se tramiten os procedementos que sexan precisos para solventar os referidos reparos co fin de que estes non se repitan.”

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Seguridade Cidadá e Participación de data 13 de maio de 2019.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os catro concelleiros presentes de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros e don Ramón Boga Moscoso), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto) e os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández). Votan en contra os cinco concelleiros do PP (dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe) e os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos). E abstéñense a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por dez votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

4. Proposta de altas e baixas no Inventario de bens e dereitos do Concello de Cambre

Acceso á videoacta – 00:08:58 horas

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Xuventude, Turismo e Patrimonio do día 2 de maio de 2019 que consta do seguinte teor literal:

O pleno da Corporación, en sesión ordinaria celebrada con data de 29 de xuño de 2017, aprobou o Inventario de Bens e Dereitos do Concello de Cambre, coa valoración que a seguir se indica:

EPIGRAFES	Numero de Bens e dereitos que comprende	Folios	Valoración
1º Inmables			
EPIGRAFE 1A - FINCAS URBANAS	173	1 al 173	191.885.645,51 €
EPIGRAFE 1B - FINCAS RUSTICAS	127	1 al 127	9.691.103,41 €
EPIGRAFE 1C - VIAIS MUNICIPAIS	505	1 al 505	5.278.795,82 €
EPIGRAFE 1D - OUTROS BENS	132	1 al 132	264.743,37 €
EPIGRAFE 1E - CESIÓN S A VIAIS E COMPRA DE TERREOS A VIAIS			
1E1 - Cesión s obrigatorias a viais	242	1 al 242	851.016,75 €
EPIGRAFE 1F - INFRAESTRUCTURAS			
1F2 - Saneamento	23	1 al 23	6.910.894,33 €
1F3 - Abastecemento	25	1 al 25	22.322.338,59 €
1F1 - Alumeados	138	1 al 138	5.858.020,00 €
2º Dereitos Reais	17	1 al 17	41.181,00 €
3º Mobles de Carácter Histórico, Artísticos	73	1 al 73	32.400,00 €
4º Valores mobiliarios Creditos e Dereitos de carácter persoal.			
EPIGRAFE 4A - CREDITOS E DEREITOS		1 al 0	€
EPIGRAFE 4B - VALORES MOBILIARIOS	1	1 al 0	4.200,00 €
5º Vehículos	26	1 al 26	350.548,00 €
6º Semoventes		1 al 0	€
7º Mobles non comprendidos nos anteriores enunciados.			
EPIGRAFE 7.1 - BENS SIMPLES	664	1 al 664	566.536,58 €
EPIGRAFE 7.2 - BENS POR CANTIDADE	254	1 al 254	194.520,24 €
8º Bens e Dereitos revertibles	5	1 al 5	€
TOTAIS			244.251.943,60

Ascende o valor total dos bens e dereitos pertencentes a esta Corporación, na data de confección do presente inventario, á cantidade de euros 244.251.943,60 €

Tal e como consta no informe proposta emitido pola Secretaría Xeral con data de 30 de abril actual, dende a aprobación do Inventario de Bens e Dereitos, o Concello adquiriu a propiedade de diversos bens inmables, adquiriu dereitos reais, executou proxectos que implicaron unha mellora en determinados bens inmables, e adquiriu vehículos.

Segundo o artigo 33 do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais:

“1. A rectificación do inventario verificarase anualmente, e nela reflectiranse as vicisitudes de toda índole dos bens e dereitos durante esa etapa.

2. A comprobación efectuarase sempre que se renove a Corporación e o resultado consignarase ao final do documento, sen prexuízo de levantar acta adicional con obxecto de deslindar as responsabilidades que poidesen derivarse para os membros saíntes e, no seu día, para os entrantes”.

No mesmo senso, o artigo 86 do Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local establece que *“as entidades locais están obrigadas a formar inventario de todos os bens e dereitos que lles pertencen, do que se remitirá copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma e que se rectificará anualmente, comprobándose sempre que se renove a Corporación”.*

E é o artigo 36.2 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais o que encomenda aos Secretarios e Interventores tomar as medidas precisas *“para que o día da constitución das novas Corporacións Locais se efectúe un arqueo e estean preparados e actualizados os xustificantes das existencias en metálico ou valores propios da Corporación, depositados na Caixa Municipal ou entidades*

bancarias, así como a documentación relativa ao inventario do patrimonio da Corporación e dos seus Organismos autónomos”.

Polo anterior, propónse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: De conformidade cos artigos 33 e 34 do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens e Dereitos das Entidades Locais, rectificar o Inventario de Bens e Dereitos do Concello de Cambre aprobado polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria de 29 de xuño de 2017, incorporando e dando de baixa os bens inmobles e dereitos reais ou gravames sobre os mesmos, así como os vehículos, incorporando, ao mesmo tempo, as melloras nos bens inmobles como consecuencia dos proxectos executados, tal e como consta a continuación:

Altas no epígrafe 1: bens inmobles.

Código 1A. Fincas Urbanas.

1. Parcela sita na Rocha, Anceis, que se describe como “*monte chamado Carballal de Arriba, e o seu nome segundo catastro Aguaros, de cabida vinte e oito áreas, oitenta e seis centiáreas, igual a seis ferrados e medio, e a súa superficie exacta, segundo consta no Convenio Urbanístico, ten unha superficie de trinta áreas e oitenta e dúas centiáreas (3.082 m²)*”, con referencia catastral 15017A090000300000MU e cun valor de 36.614€. A parcela foi adquirida para ampliación de instalacións deportivas, en virtude do Convenio Urbanístico aprobado por Resolución da Alcaldía 1683/2016, de 24 de outubro, e formalizada en escritura pública con data de 10 de marzo de 2017, ante o notario don Francisco-Javier Pérez-Taberner Olivera, ao número de protocolo 255, por dona Emilia Varela Seoane, don Antonio Cañas Varela, don Juan Carlos Cañas Varela e o alcalde, don Óscar A. García Patiño.

2. Pista polideportiva cuberta construída pola *Asociación Cultural e de Ocio San Antonio de Anceis* sobre a parcela de titularidade municipal sita no lugar de A Rocha, parroquia de Anceis, con referencia catastral 15017A090000300000MU. A este respecto, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do día cinco de setembro de dous mil dezasete, adoptou, entre outros, o seguinte acordo: “*4ª Extinción do dereito real de superficie constituído na parcela con referencia catastral 15017A090000300000MU, sita no lugar da Rocha, Anceis, e recepción e aceptación da pista polideportiva cuberta construída sobre a mesma parcela*”. Valor: 342.558,43 €.

3. Parcela sita na Rúa Cruceiro, Cambre, que se describe como “*parcela ubicada en Rúa Cruceiro, cunha superficie de dous mil oitocentos sesenta e dous metros cadrados (2.862 m²), dos cales dous centos setenta e sete (277 m²) se destinan a viarios, mil cento cincuenta e seis (1.156 m²) se destinan a espazos libres e o resto, mil catrocentos vinte e nove (1.429 m²) a espazos libres e zonas verdes*”, que forma parte da parcela con referencia catastral 3436602NH5933N0001QX e cun valor de cero euros. A adquisición deste terreo deriva da cesión obrigatoria e gratuita efectuada polo Arzobispado de Compostela para executar definitivamente e regularizar a unidade de execución número 2 das Normas Subsidiarias do Concello de Cambre. Esta cesión foi aceptada mediante Resolución da Concellería delegada da Área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente de 12 de xaneiro de 2017 e formalizada en escritura pública con data de 20 de novembro de 2017, ante o notario don Francisco-Javier Pérez-Taberner Olivera, ao número de protocolo 1.255, por don Manuel Quintáns Fernández, en representación do Arzobispado de Santiago de Compostela, e o alcalde, don Óscar A. García Patiño.

4. Parcela sita no lugar da Igrexa, parroquia de Cela, inscrita no Rexistro da Propiedade cunha superficie de dezanove áreas e cincuenta e nove centiáreas (1.959 m²), con referencia catastral 4435908NH5943N0001YE e cun valor de 35.507 €. A adquisición desta parcela acordouse pola Xunta de Goberno Local con data de 26 de decembro de 2017 para destinala a actividades de ocio e actividades de carácter deportivo, sociocultural e recreativo ao aire libre e formalizouse en escritura pública con data de 11 de xaneiro de 2018, ante o notario don Francisco-Javier Pérez-Taberner Olivera, ao número de protocolo 35, por don Pablo González Mariñas, en representación da “Fundación Hermanos Tenreiro”, e o alcalde, don Óscar A. García Patiño.

5. Parcelas incluídas no proxecto denominado “Rúa O Balado, no seu acceso á Estrada Cambre – Temple”, adquiridas para destinalas a espazos libres de dominio e uso público e a viario, por expropiación forzosa, segundo se deriva as actas de consignación de prezo xusto e de ocupación de finca:

- a) Parcela con referencia catastral 0008906NH5933N0001ZX, de superficie 52,34 m², inscrita no Rexistro da Propiedade nº5 da Coruña ao número de finca 8.541, cun prezo de 21.806,94 €, titularidade de don Juan Manuel Marante Diz.
- b) Parcelas con referencia catastral 0008906NH5933N0001ZX, de superficies 83,66 m² e 74,42 m², inscritas no Rexistro da Propiedade nº5 da Coruña ao números de finca 8.540 e 8.542 respectivamente, cun prezo de 34.856,10 €, titularidade de dona Isolina Casás Ferreiro.
- c) Parcelas con referencia catastral 3437305NH5933N0001ZX, de superficies 202 m² e 11m², cun prezo de 140.009,84 €, titularidade de dona María Cacheiro Barbeito.

6. Parcela sita na Rúa Rocón, Cambre, con referencia catastral 0008906NH5933N0001ZX, de superficie 691 m², adquirida para destinala a espazos libres e de uso público, mediante expropiación forzosa por un prezo de 13.656,07€, titularidade dos “Herdeiros de Caruncho Molina”.

7. Parcelas adquiridas en virtude do Proxecto de compensación do polígono 1 SAU BD8 Quintán:

- a) Parcela inscrita no Rexistro da Propiedade nº5 da Coruña, ao número de finca 35.854, que se describe como “parcela sensiblemente rectangular pertencente ao Plan de Sectorización do SAU BD8, Quintán, Concello de Cambre, situada no termo municipal de Cambre, parroquia de Cecebre, lugar de Quintán. Ten unha superficie de mil dezasete metros cadrados con dous decímetros cadrados e linda con parcelas e viarios do SAU DB8: ao norte, parcela M4b1, ao sur, parcela SLV, ao este, parcela SLV, ao oeste, parcela SLV. Cualificación: ordenanza M1 Uso: Vivienda de protección autonómica. Edificabilidade: novecentos oitenta e catro metros e corenta e oito decímetros cadrados. Non consta referencia catastral”.
- b) Parcela inscrita no Rexistro da Propiedade nº5 da Coruña, ao número de finca 35.858, que se describe como “parcela irregular pertencente ao Plan de Sectorización do SAU BD8, Quintán, Concello de Cambre, situada no termo municipal de Cambre, parroquia de Cecebre, lugar de Quintán. Ten unha superficie de dous mil novecentos sesenta e un metros cadrados con corenta e un centímetros cadrados e linda: ao norte, parcela M1b1, ao sur, solo urbano procedente da execución do plan parcial correspondente ao SAU RU, ao este, parcela SLV, ao oeste, parcela SLV. Cualificación: ordenanza ZV. Uso: zona verde. Non consta referencia catastral”.
- c) Parcela inscrita no Rexistro da Propiedade nº5 da Coruña, ao número de finca 35.859, que se describe como “parcela irregular pertencente ao Plan de Sectorización do SAU BD8 denominada EQ do proxecto de compensación do polígono 1, SAU BD8, Quintán, Concello de Cambre, situada no termo municipal de Cambre, parroquia de Cecebre, lugar de Quintán. Ten unha superficie de mil catrocentos sesenta e cinco metros cadrados con sesenta e sete centímetros cadrados e linda: ao Norte, parcela ZLP1; ao sur, parcela SLV; ao este, parcela SLV, ao oeste, parcela ZLP1. Cualificación: ordenanza M1. Uso: equipamento. Non consta referencia catastral”.
- d) Parcela inscrita no Rexistro da Propiedade nº5 da Coruña, ao número de finca 35.860, que se describe como “parcela irregular pertencente ao Plan de Sectorización do SAU BD8 denominada SLV do proxecto de compensación do polígono 1, SAU BD8, Quintán, Concello de Cambre, situada no termo municipal de Cambre, parroquia de Cecebre, lugar de Quintán. Ten unha superficie de nove mil novecentos vinte e oito metros cadrados con corenta e un centímetros cadrados e linda: norte, parcela ZLP1, parcela M5a1, parcela M5b1, parcela EQ e camiño exterior de servizo e autopista AP9; ao sur, parcela M1b1, parcela ZV1 e solo urbano procedente da execución do plan parcial correspondente ao SAU RU. Cualificación: Ordenanza V e Ordenanza ZL. Uso: sistema local viario. Non consta referencia catastral”.

Código 1E. Cesións obrigatorias a viarios.

1. Cesión de 76 m² no lugar de Castroboo 39, parroquia de Anceis, para destinala a viarios, segundo se deriva da Resolución 1532/2007, de 2 de outubro, do Alcalde.
2. Cesión de 8 m² da parcela con referencia catastral 3138606NH5933N0001WX, para destinala a viarios, segundo se deriva da Resolución 445/2012, de 26 de marzo, da Concelleira delegada da Área de Urbanismo e Medio Ambiente.

3. Cesión de 84 m2 no lugar de Sigrás e Abaixo 25, parroquia de Sigrás, para destinala a viarios, segundo se deriva da Resolución 1.529/2012, de 26 de outubro, da Concelleira delegada da Área de Urbanismo e Medio Ambiente.
4. Cesión de 89 m2 e 40 m2 no lugar de Sixto 2, parroquia de Cambre, para destinala a viarios, segundo se deriva da Resolución 1.529/2012, de 26 de outubro, da Concelleira delegada da Área de Urbanismo e Medio Ambiente.
5. Cesión de 63,22 m2 no lugar de Quintán, parroquia de Cecebre, para destinala a viarios, segundo se deriva da escritura de segregación e cesión, nº de protocolo 206 do notario don Enrique Santiago Rajoy Feijoo, de data 1 de febreiro de 2013.
6. Cesión de 114 m2 no lugar de Piñeiro, parroquia de Cecebre, para destinala a viarios, segundo se deriva da escritura de segregación e cesión, nº de protocolo 592 do notario don Manuel Mariño Vila, de data 26 de marzo de 2014.
7. Cesión de 98 m2 no lugar de Lendoiro, parroquia de Cecebre, para destinala a viarios, segundo se deriva da escritura de segregación e cesión, nº de protocolo 269 do notario don Francisco Javier Pérez Tabernerolivera, de data 4 de abril de 2014.
8. Cesión de 33,83 m2 no lugar de Roncesvalles, parroquia de Brexo, para destinala a viarios, segundo se deriva da escritura de segregación e cesión, nº de protocolo 751 da notaria dona María Cruz Nieto Peñamaría, de data 16 de maio de 2016.
9. Cesión de 105,88 m2 no lugar de Fontenla, parroquia de Pravio, para destinala a viarios, segundo se deriva da escritura de segregación e cesión, nº de protocolo 1.183 do notario don Francisco Javier Pérez Tabernerolivera, de data 25 de novembro de 2016.
10. Cesión de 109,54 m2 no lugar de A Pagueira, parroquia de Brexo, para destinala a viarios, segundo se deriva da escritura de segregación e cesión, nº de protocolo 6 do notario don Francisco Manuel López Sánchez, de data 2 de xaneiro de 2017.
11. Cesión de 67,50 m2 no lugar de Drozo, parroquia de Cambre, para destinala a viarios, segundo se deriva da escritura de segregación e cesión, nº de protocolo 105 do notario don Federico José Cantero Núñez, de data 24 de xaneiro de 2017.
12. Cesión de 65,50 m2 no lugar de A Patiña, parroquia de Cela, para destinala a viarios, segundo se deriva da escritura de segregación e cesión, nº de protocolo 146 do notario don Andrés Cancela Rodríguez de Arellano, de data 30 de xaneiro de 2017.
13. Cesión de 48 m2 no lugar de A Pagueira, parroquia de Brexo, para destinala a viarios, segundo se deriva da escritura de segregación e cesión, nº de protocolo 226 do notario don Francisco Javier Pérez Tabernerolivera, de data 6 de marzo de 2017.
14. Cesión de 93,04 m2 no lugar de Formigueiro, parroquia de Brexo, para destinala a viarios, segundo se deriva da escritura de segregación e cesión, nº de protocolo 538 da notaria dona María de la Cruz Nieto Peñamaría, de data 22 de marzo de 2017.
15. Cesión de 87 m2 no lugar de Espírito Santo, parroquia de Cecebre, para destinala a viarios, segundo se deriva da escritura de segregación e cesión, nº de protocolo 406 do notario don Emilio López de Paz, de data 12 de abril de 2017.
16. Cesión de 100,25 m2 no lugar de Formigueiro, parroquia de Brexo, para destinala a viarios, segundo se deriva da escritura de segregación e cesión, nº de protocolo 654 do notario don Andrés Cancela Rodríguez de Arellano, de data 28 de abril de 2017.
17. Cesión de 101 m2 no lugar de San Roque, parroquia de Santa María de Vigo, para destinala a viarios, segundo se deriva da escritura de segregación e cesión, nº de protocolo 1247, da notaria dona María de la Cruz Nieto Peñamaría, de data 6 de xullo de 2017.

18. Cesión das fincas números 16 e 17, de 498,68 e 315,17 m² respectivamente, no lugar de Roncesvalles, parroquia de Brexo, para destinala a viarios, segundo se deriva da escritura de segregación e cesión, nº de protocolo 768 do notario don Rafael Benzo Sanz, de data 16 de marzo de 2018.

19. Cesión de 70 m² no lugar de A Cabana 20, parroquia de Anceis, para destinala a viarios, segundo se deriva da escritura de segregación e cesión, nº de protocolo 178 da notaria dona María José Gil Caballero, de data 23 de marzo de 2018.

20. Cesión de 63 m² no lugar de Igrexas, parroquia de Cela, para destinala a mellora da seguridade viaria no camiño codificado no Inventario ao número 1C.1.0183, segundo se deriva da Resolución 2614/2018, de 19 de decembro, do Concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente.

21. Cesión de 46 m² no lugar de A Pagueira, parroquia de Brexo, para destinala a viarios, segundo se deriva da escritura de segregación e cesión, nº de protocolo 408 do notario don Francisco Javier Pérez Taberner Olivera, de data 9 de abril de 2019.

Melloras no epígrafe 1: bens inmobles.

Melloras como consecuencia dos proxectos executados.

Código 1A. Fincas Urbanas.

1) **1A.3.007. PAVILLÓN DO COLEXIO EMILIO GONZÁLEZ LÓPEZ.** Execución do proxecto "Acceso cuberto ao polideportivo municipal Bernardo Bish, Brexo", por un importe de 32.063,54 euros.

2) **1A.10.003. PAVILLÓN POLIDEPORTIVO.** Execución do proxecto "Escaleira exterior entre o IES David Bujan e o polideportivo dos Campóns, Sigrás", por un importe 12.342,00 euros.

3) **1A.11.052. PRAZA DE EDUARDO BLANCO AMOR.** Execución do proxecto "Reordenación aparcadoiros no entorno das rúas Eduardo Blanco Amor e Temple" por un importe de 27.086,84 euros.

4) **1A.11.042. CENTRO DE SAUDE, "RESIDENCIAL OS MAGNOLIOS", LOCAL Nº 5, UE Nº 9.** Execución do proxecto "Adecuación de local municipal en Paseo Marítimo nº 3, O Temple", por un importe de 19.602,00 euros.

5) **1A.3.012. CAMPO DE FÚTBOL "OS PINARES".** Execución do proxecto "Instalación solar térmica para AQS no campo municipal Os Pinares, Brexo-Lema, Cambre", por un importe de 12.523,50 euros.

6) **1A.12.001. ESCOLA DE PREESCOLAR.** Execución do proxecto "Reforma do local municipal de Santa María de Vigo-Cambre", por un importe de 17.795,71 euros.

7) **1A.10.001. LOCAL SOCIOCULTURAL DE SIGRÁS.** Execución do proxecto "Acondicionamento e reforma no centro social de Sigrás", por un importe de 24.713,10 euros.

8) **1A.05.050. EDIFICIO ASOCIACIÓN VECIÑAL "O PALCO".** Execución do proxecto "Acondicionamento e acabados no centro social de Meixigo (fase 1)", por un importe de 51.304,00 euros.

9) **1A.11.007. PARQUE RAMÓN BARBA, CASETA, VESTIARIOS E PISCINA.**

1A.05.032. PISTA POLIDEPORTIVA A BARCALA.

Execución do proxecto "Mellora das pistas descubertas do parque Ramón Barba (O Temple) e A Barcala", por un importe de 53.000,00 euros.

10) **1A.10.003. PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DOS CAMPÓNOS.**

1A.03.007. PAVILLÓN DO COLEXIO EMILIO GONZÁLEZ LÓPEZ.

Execución do proxecto "Reforma das pistas polideportivas cubertas dos Campóns (Sigrás) e Bernardo Bish (Brexo) POS+ 2017", por un importe de 67.746,00 euros.

- 11) **1A.06.006. PARVULARIO DE LENDIORO.** Execución do proxecto “Reforma do local municipal de Lendoiro-Cambre”, por un importe de 21.371,19 euros.
- 12) **1A.05.004.CENTRO POLIVALENTE ARRIGADA E SOLAR.** Execución do proxecto “Instalación de calefacción mediante aerotermia na casa Arrigada, OMIX, Estrada da Estación nº 52”, por un importe de 8.972,15 euros.
- 13) **1A.11.041. PRAZA DE XOSE LUIS CASO CORTINES.** Execución do proxecto “Traslado e mellora do parque infantil da praza José Luís Caso Cortines incluída no Plan de Acción Social (PAS) Adicional 1/2015”, por un importe de 86.636,00 euros.
- 14) **1A.11.023. PRAZA DE MIGUEL LUGRÍS (UE Nº 16).** Execución do proxecto “Ampliación e reforma do parque infantil da praza Manuel Lugrís, O Temple”, por un importe de 109.505,00 euros.
- 15) **1A.05.051. ZONA VERDE HORTA DO CURA.** Execución do proxecto “Reordenación Parque Iglesia e mellora de peche existente en Cambre.Lote 1”, por un importe de 22.132,34 euros.
- 16) **1A.05.044. CAMPO DE FUTBOL DANIEL MALLO CASTRO.** Execución do proxecto “Instalación de caldera de biomasa no campo de fútbol municipal Dani Mallo”, por un importe de 34.848,00 euros.

Código 1B. Fincas rústicas.

- 1) **1B.05.019. PARQUE.** Execución do proxecto “Ampliación e reforma do parque infantil oeste da Barcala”, por un importe de 71.000,00 euros.

Código 1C. Viarios.

- 1) **1C.1.004. RÚA VICENTE RISCO.** Execución do proxecto “Acondicionamento do entorno da rúa Vicente Risco, O Temple-Cambre”, por un importe de 20.328,00 euros.
- 2) **1C.1.287.CAMIÑO O CORGO DP 1704- AGRA DE ARRIBA DP 1702.**
1C.1.310. CAMIÑO CASTROBO-A CABANA.
1C.1.192. CAMIÑO CELA-FABAS.
Execución do proxecto “Renovación do firme en Seoane (Anceis) e Patiña (Cambre), incluída no Pas 2015”, por un importe de 32.015,39 euros.
- 3) **1C.1.0229 OS CURRAS (STA Mª VIGO)**
1C.1.0018 LENDOIRO (CAMBRE)
1C.1.0261 BRIBES - PEIRAI
1C.1.0204 BRILLE (ANDEIRO)
1C.1.0086 ACAROADADA (CAMBRE-CELA)
1C.1.0071 BANDEBOO (BREXO)
1C.1.0338 LENDOIRO (CECEBRE)
Execución do proxecto “Pavimentación nas parroquias de Cambre, Bribes e Outros, POS+ 2017”, por un importe de 136.655,61 euros.
- 4) **1C.1.084. CAMIÑO FABAS.** Execución do proxecto “Mellora do camiño 00383 dende Fabás ata Armental, Cambre, cofinanciada ao abeiro da resolución do 18 de maio de 2017 da Agader pola que se aproba a concesión directa, mediante resolución das axudas correspondentes ao Plan de mellora de camiños municipais 2017-2018”, por un importe de 29.150,00 euros.
- 5) **1C.1.114. RÚA FLEMING.**
1C.1.115. RÚA LUMIERE.
Execución do proxecto “Renovación do firme e novos aparcadoiros nas rúas Fleming e Lumiere, Polígono Industrial do Espírito Santo, Cambre”, por un importe de 97.426,71 euros.

Código 1F1. Alumeado.

- 1) **1F1. ALUMEADO.** Execución do proxecto “Actuacións de mellora e aforro no alumeado público nas parroquias de Anceis, Brexo, Cambre e Cecebre, Cambre 2015, incluída POS ADICIONAL 1/2016”, por un importe de 37.451,67 euros.
- 2) **1F1. ALUMEADO.** Execución do proxecto “Mellora da iluminación mediante sistemas led na rúa Curros Enríquez, rúa Constitución, rúa Celso Emilio Ferreiro, parque Francisco Rodríguez, praza Miguel Ángel Blanco e outras”, por un importe de 42.173,53 euros.

Código 1F2. Saneamento.

- 1) **1F2.SANEAMENTO.** Execución do proxecto “Cruce mediante perforación dirixida para rede de saneamento na AC-221, pq 6+580”, por un importe de 6.811,09 euros.
- 2) **1F2.SANEAMENTO.** Execución do proxecto “Saneamento en Curros Enríquez (O Graxal) e outros, Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) POS+2017”, por un importe de 65.501,06 euros.
- 3) **1F2.SANEAMENTO.** Execución do proxecto “Nova rede de saneamento CALLE, PRAVIO, CAMBRE”, por un importe de 39.615,40 euros.
- 4) **1F2.SANEAMENTO.** Execución do proxecto “Saneamento en rúa Gándara do nº 1 ao nº 4, Pravio- Cambre”, por un importe de 28.432,29 euros.
- 5) **1F2.SANEAMENTO.** Execución do proxecto “Nova rede de pluviais no camiño municipal codificado co nº 175, Sixto, Cambre”, por un importe de 10.993,58 euros.

Código 1F3. Abastecemento.

- 1) **1F3. ABASTECIMIENTO.** Execución do proxecto “Modificación nº1: Nova rede de pluviais no Polígono Industrial do Temple e redes de abastecemento na Pega, (Cambre) e Apartada (San Lourenzo), Cambre 2012, obra pos adicional 1/2013”, por un importe de 114.588,76 euros.
- 2) **1F3. ABASTECIMIENTO.** Execución da “Renovación da rede de abastecemento na rúa Polígono”, por un importe de 35.000 euros.

Altas no epígrafe 2: dereitos reais.

1. Co fin de levar a cabo a execución do proxecto “aparcamentos provisionais na Unidade de Execución nº 4 e A Coutelana”, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do día cinco de setembro de dous mil dezaseis, acordou a aceptación, polo prazo de un ano prorrogable automaticamente por períodos anuais, do uso das parcelas segundo se indica a continuación:

- a) 1.160 m2 da parcela rexistral número 32.442 con referencia catastral 3537715NH5933N0001MX, titularidade de Patrucial S.L.
- b) 86 m2 da parcela con referencia catastral 3537714NH5933N0001FX, titularidade de Patrucial S.L.
- c) 15 m2 da parcela con referencia catastral 3537716NH5933N0001OX, titularidade de Patrucial S.L.
- d) Parcela rexistral número 11.483, con referencia catastral 2360906NH5926S0001RI, titularidade de Vernalia Inversiones S.L.
- e) Parcela rexistral número 11.574, con referencia catastral 2360904NH5926S0001OI, titularidade de Vernalia Inversiones S.L.
- f) Parcela rexistral número 11.573, con referencia catastral 2360907NH5926S0001DI, titularidade de Confer Inversiones, S.L.
- g) Parcela rexistral número 53, con referencia catastral 2360905NH5926S0001KI, titularidade de Confer Inversiones, S.L.

2. Co fin de executar un **aparcadoiro público no entorno de Vila Concepción, O Temple**, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do día vinte e cinco de setembro de dous mil dezaoto, acordou a aceptación, polo prazo de un ano prorrogable automaticamente por períodos anuais, do uso das parcelas segundo se indica a continuación:

- a) Parcela con referencia catastral 15017A001000030000ML, titularidade de don Manuel Gómez Portela e dona María Olga Lale Blanco.
- b) Parcela con referencia catastral 15017A00120000MR, titularidade de don Manuel Gómez Portela e dona María Olga Lale Blanco.

3. Co fin de dispoñer dun terreo para dedicalo a **actividades de carácter deportivo, sociocultural e educativo ao aire libre**, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do día catorce de marzo de dous mil dezasete, acordou a aceptación, polo prazo de un ano prorrogable automaticamente por períodos anuais, do uso da parcela sita no lugar da Iglesia, parroquia de Cela, con referencia catastral 4233506NH5943S0001QA, titularidade de dona Dorinda Rios Abella.

Altas no epígrafe 5: vehículos.

1. Desbrozadora para uso da brigada de obras, adquirida mediante acordo da Xunta de Goberno Local adoptado na súa sesión ordinaria do día trece de xuño de dous mil dezasete, por un importe de 15.500,00 euros IVE incluído.

2. Miniretroexcavadora para uso da brigada de obras municipal, adquirida mediante acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do día doce de decembro de dous mil dezasete, polo importe ofertado de 16.135,59 euros, IVE incluído.

3. Furgoneta para uso da brigada de obras municipal, adquirida mediante acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do día vinte e oito de marzo de dous mil dezasete, polo importe ofertado de 6.500 euros, IVE incluído.

Baixa no epígrafe 5: vehículos.

Única: Vehículo marca Citroën, modelo Xantia, con placas de matrícula C8577BL e nº de bastidor VF7X14A00054A5256, codificado no Inventario de Bens e Dereitos ao número 5.0.000009, adscrito á policía local.

Segundo: Incorporar as altas e baixas no Inventario de Bens e Dereitos do Concello de Cambre na plataforma INGRID que da soporte ao mesmo, efectuándose a reseña nos epígrafes do Inventario que igualmente se indican, con expresa referencia aos datos recollidos nos artigos 20 a 27 do RD 1372/1986.

Terceiro: Elaborado o documento de rectificación, no que deberá incluírse calquera outra variación detectada nos bens e dereitos que constan no Inventario aprobado o 29 de xuño de 2017, elevarase ao Pleno da Corporación; isto, de conformidade co establecido nos artigos 33 e 34 do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais.”

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente, Patrimonio e Desenvolvemento Socioeconómico de data 13 de maio de 2019.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os catro concelleiros presentes de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros e don Ramón Boga Moscoso), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto) e os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández). Abstéñense os cinco concelleiros do PP (dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por dez votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

5. Interposición de accións xudiciais, por manifestacións lesivas vertidas con publicidade, en relación co acordo de aprobación provisional da modificación puntual das Normas subsidiarias do planeamento de Cambre no ámbito da N-VI, adoptado polo Pleno municipal en sesión ordinaria de data 28 de marzo de 2019, e en defensa da dignidade desta Corporación

Acceso á videoacta – 00:10:12 horas

Vista a proposta de Alcaldía do día 8 de maio de 2019, que foi modificada por ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente, Patrimonio e Desenvolvemento Socioeconómico do día 13 de maio de 2019, quedando redactada do seguinte teor literal:

«Por acordo do Pleno desta Corporación adoptado en sesión celebrada o 28 de marzo de 2019 aprobouse provisionalmente a modificación puntual das Normas subsidiarias do planeamento de Cambre no ámbito da N-VI redactada pola entidade Oficina de Planeamento, S.A., e a remisión deste instrumento de planeamento á Xunta de Galicia para que proceda á súa aprobación definitiva, se o estima pertinente, de conformidade co artigo 60 da Lei 2/2016 do solo de Galicia.

A raíz de tal acordo plenario polo partido político “Alternativa dos Veciños” distribúense panfletos polos domicilios do Temple nos que se verten graves manifestacións contra esta Corporación, en concreto as expresións “recualificación ilegal de solo rústico” o “pelotazo urbanístico que atenta contra a legalidade vixente”

Ante tales feitos e ante a imposibilidade de que a Asesoría Xurídica da Deputación Provincial da Coruña coa que esta Corporación ten concertada a representación e defensa xudicial poida emitir informe sobre as repercusións penais dos mesmos ou, de ser co caso, interpoñer accións xudiciais penais por non estar a materia penal incluída entre as súas funcións, e ante a non existencia de posto algún de asesor xurídico ou de funcionario neste Concello que poida emitir informe xurídico respecto das repercusións que dende o punto de vista penal poidan ter determinadas manifestacións como as indicadas, como se indica no informe emitido sobre o particular polo xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior do pasado 29 de abril, contrátase co letrado Rafael Díaz Carro a emisión dun informe xurídico sobre a viabilidade da interposición dunha acción xudicial penal contra o partido político “Alternativa dos Veciños” polas manifestacións vertidas en tales panfletos.

Con data do pasado 6 de maio emítese polo letrado Rafael Díaz Carro o informe contratado no que se indica que “es viable la prosperabilidad de la querrela por calumnias” e subsidiariamente por injurias, polo que con base ao mesmo propoño ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Proceder a unha conciliación previa por vía civil, dándolle a “Alternativa dos Veciños” a oportunidade de retractarse das acusacións que se derivan das expresións ‘recualificación ilegal de solo rústico’ e ‘pelotazo urbanístico que atenta contra a legalidade vixente’, vertidas nos panfletos distribuídos polos domicilios deste municipio, en relación coa modificación puntual das Normas subsidiarias de planeamento de Cambre no ámbito da N-VI, redactado pola entidade ‘Oficina de Planeamento, S.A.’, e esixirlle a publicidade da retractación nos mesmos medios e polo mesmo prazo utilizado para verter as acusacións.

Segundo: No seu defecto, interpoñer as accións penais pertinentes por delicto de calumnia e subsidiariamente por injurias ao Concello de Cambre como institución.

Terceiro: Simultaneamente ao exercicio da acción penal, denunciar os feitos á Xunta Electoral.

Cuarto: Proceder a contratar os servizos dun despacho de avogados para levar a cabo o indicado.»

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os catro concelleiros presentes de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros e don Ramón Boga Moscoso), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto) e os dous concelleiros do BNG



(don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández). Votan en contra os cinco concelleiros do PP (dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por dez votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as catorce horas e seis minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria xeral

M^a Luisa de la Red Ampudia